



## Concurso participantes no programa Lanzadeiras. Proxecto Miniempresas Lugo 2019-2020

### Bases:

#### 1.-Criterios de valoración:

Para a valoración das miniempresas participantes no Programa Lanzadeiras 2019-2020 teranse en conta os mesmos criterios de puntuación que se consideraron para a selección (artigo 9 da convocatoria)

1. Carácter innovador do proxecto. (2 puntos)
2. Implicación de diferentes áreas, materias ou módulos. (2 puntos)
3. Planificación e viabilidade do proxecto. (2 puntos)
4. Plan de difusión. (2 puntos)
5. Plan de avaliación. (2 puntos)

#### 2.- Presentación de solicitudes:

Os centros interesados en participar deberán remitir ao correo electrónico [eduemprende@edu.xunta.es](mailto:eduemprende@edu.xunta.es) un informe detallado no que se explique o desenvolvemento acadado nos puntos do apartado arriba indicados. O prazo remata o día 27 de novembro ás 12:00, hora peninsular.

### 3.-Premios:

Os premios consistirán en:

1º Premio : 2.146,44 €

2º Premio: 1.291,96 €

3º Premio: 868,55 €

I Accésit: 511,06 €

II Accésit: 511,06 €

Os centros premiados recibirán dedicarán este premio ao fomento da cultura emprendedora.

### 4.- Comisión avaliadora:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Formación Profesional que actuará como presidente/a.
- Xefe/a de servizo da Subdirección Xeral e Formación Profesional.
- Coordinador/a de emprendemento da rede de Centros Integrados de Formación Profesional.
- Unha persoa asesora da Subdirección Xeral de Formación Profesional que actuará como secretario/a con voz pero sen voto.